



A DOUTORA MARTÍNEZ ROLÁN, NOVA XEFA DO SERVIZO DE NEUROCIRURXÍA

- *A resolución da provisión deste posto acaba de ser publicada recentemente no DOG*
- *A doutora Martínez Rolán leva máis de 20 anos desenvolvendo o seu labor na Área Sanitaria de Vigo, destacando o seu traballo en neurocirurxía pediátrica, vascular e nervio periférico*
- *Entre 2021 e 2023, desenvolveu a Dirección de Atención Hospitalaria da Área Sanitaria de Vigo*

Vigo, 15 de maio de 2024. A doutora Rosa María Martínez Rolán é a nova xefa do Servizo de Neurocirurxía, segundo se publicou recentemente no Diario Oficial de Galicia a correspondente Resolución da Xerencia da Área Sanitaria de Vigo da convocatoria pública para a provisión do posto de xefa ou xefe do Servizo de Neurocirurxía, tras presentar a súa proposta de xestión do servizo perante a correspondente Comisión de Avaliación.

Martínez Rolán é licenciada en Medicina de Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela e especialista en Neurocirurxía. Doutora pola mesma Universidade, a maior parte da súa traxectoria profesional está vinculada á Área Sanitaria de Vigo, traballando primeiro no antigo Hospital Xeral-Cíes e, ata a data, no Hospital Álvaro Cunqueiro, na que chegou a desenvolver, con carácter provisorio, a Dirección de Atención Hospitalaria da Área Sanitaria de Vigo, cargo que desempeñou ata 2023.



Cabe subliñar a especial dedicación da doutora Rosa María Martínez Rolán nas áreas de neurocirurxía pediátrica, vascular e nervio periférico. Hai que destacar tamén o seu importante labor no ámbito da docencia, sendo colaboradora docente na formación dos médicos residentes e profesora asociada de Ciencias de Saúde na Área de Cirurxía da Facultade de Medicina da USC desde 2016 e directora de teses doutorais e traballos de fin de Master.